




**PAULINO
PÉREZ**

70 anos da creación
do Taller-Escola
de instrumentos musicais
(1951-2021)



 Paulino Pérez Sánchez naceu en Vilei, lugar da parroquia Barbadelo, ao pé do Camiño de Santiago, o 11 de xuño de 1907. Foi un mozo inqueda e mañoso no traballo manual, seguindo o exemplo do pai, Manuel, quen logo de vir da guerra de Cuba, andou a gañar o xornal coma canteiro en Madrid. Manuel dedicábase, ademais de aos labores propios do agro, a outros oficios que desempeñaba para a comunidade como carpinteiro, construtor de pozos fornos e ferramentas, zoqueiro, sacamoas... De feito, pai e fillo, a pesar da oposición do avó, ergueron coa axuda dalgún veciño unha casa nova, máis grande e en granito, que se chamaría casa Darriba.

Aos dez anos comeza a tocar o bombo no cuarteto dirixido polo seu tío José, coñecido como “Pepe de Navás”, para, máis adiante, pasar á gaita cando, constituídos como sexteto co nome “Viley”, actúan nas festas de toda a comarca. Aos catorce anos constrúe a súa primeira gaita, valéndose dun torno de pedal e ferramentas feitas por el mesmo nunha forxa artellada a partir dos restos dunha vella estufa de carbón. Así dedicase, durante un tempo, a facer gaitas por encarga, ao tempo que axudaba nos labores do agro.

Moi preto da súa casa, en Barreiros, Antonio Fernández, “Antón de Marcos”, fundara un complexo composto por unha granxa e unha escola, un centro pioneiro no ensino que pretende seguir o ronsel da Institución Libre da Ensinanza de Madrid. As actividades teóricas e prácticas que se desenvolvían serían decisivas para o nacemento dun pequeno núcleo con inqedanzas musicais. Avelino Pousa Antelo, director da escola, contaba coas axudas de M.^a Teresa López Carrozas, como mestra de baile, e Paulino Pérez encargado de formar un grupo de gaiteiros; neste ambiente coñeceu a Antonio Fernández e, como consecuencia, mudaría o seu destino.


Paralelamente, Faustino Santalices desenvolvía un intenso labor na procura do seu sono musical con conferencias, concertos e múltiples actividades para reivindicar a música popular galega e a zanfona, en particular. Así, no ano 1951, “Antón de Marcos”, recollendo as súas

propostas, convenceu a Deputación Provincial de Lugo para a creación, nun local do propio Pazo provincial, dun Taller-Escola de instrumentos musicais galegos, ao que el contribuíría economicamente xunto coa propia institución.

Paulino Pérez percibe polo seu traballo un soldo fixo e unha gratificación por cada instrumento construído e Faustino Santalices unha gratificación anual, máis viaxes, estancias en Lugo e gastos extraordinarios por labores de dirección. A partir do ano 1964, Paulino Pérez asina un acordo coa Deputación de Lugo para cobrar os traballos. Seguiría atendendo como aprendices algúns dos acollidos da beneficencia provincial e, a partir do 1973, só contaría cun alumno, o seu neto Luciano Pérez.


Entre os obxectivos do Taller figuraba a formación dos rapaces dos centros de beneficencia da Deputación e provelos de gaitas e freixolés así como, igualmente, doarlles instrumentos aos grupos folclóricos carentes de medios económicos. Este labor é motivo dunha calorosa felicitación por parte da Real Academia de Belas Artes da Coruña, no ano 1959. Moi probablemente, no ano 1955, Paulino constrúe a primeira zanfona á imaxe da que achegara “Antón de Marcos”. Para abordar este novo instrumento viaxa a Madrid, pensionado por D. Antonio, para traballar con dous afamados lutieres e aprender as súas técnicas na construción e manexo dos diferentes útiles e materiais en instrumentos de corda.


Foi un recoñecido artesán na súa época, o de máis sona xunto con Basilio Carril e Xosé Seivane. Na súa feitura destacan o fino detalle e o equilibrio das formas e volumes nos tres modelos de torneado que constitúen o seu sinal de identidade, aínda hoxe reproducidos. Todo consecuencia da súa paixón harmoniosa e capacidade de innovar e crear motivos decorativos que, con moito oficio, incrustaba na madeira. Igualmente a afinación e o mimo posto na elaboración das palletas e freixolés. Na construción de zanfonas foi pioneiro e, practicamente, o único nun tempo xunto con Amadeo Goyanes. O seu labor foi amplamente recoñecido con numerosos premios e distincións a nivel estatal.



PAULINO PÉREZ

A única ferramenta-máquina coa que contaba o artesán era o torno. Este, utilizado por Paulino Pérez, serviu de modelo para as primeiras máquinas do emerxente mercado galego na década de 1980. Funciona cun motor, probablemente, de lavadora, adaptado para funcionar cun sistema de conos eixe e polea; o desgaste producido polo uso emendábase untando cunha peza de resina para que non patinara. Na colección de instrumentos musicais do CENTRAD, consérvase un conxunto de rodamentos construídos por Paulino en madeira de buxo.






PAULINO PÉREZ

Esta gaita en DO natural é un dos primeiros instrumentos construídos, no Taller-Escola da Deputación de Lugo, por Paulino Pérez. Presenta aneis de latón, que son unha rareza na súa obra, e un torneado exterior con complicadas molduras e fino detalle que recordan a algunhas gaitas construídas por Santalices. Paulino evolucionará enseguida cara a un torneado máis sinxelo e dándolle moito protagonismo á hasta de vacún para os aneis de reforzo, sopretes e buxas.






PAULINO PÉREZ

En xuño de 1948, o director do colexio de Barreiros prepáralle unha sorpresa ao creador da escola e require a Paulino Pérez para que toque a gaita na presentación do grupo de baile. Antonio Fernández, emocionado grita “Terra” e, inmediatamente, encárgalle a Paulino dúas gaitas, tambor e bombo para uso dos escolares. Pouco despois, formaría o grupo “Argalleiros de Barreiros” con Fernando de Santa Marta e Pablo Vilar á gaita, Luís de Rente co tambor e Néstor, da casa do Pico, ao bombo.






PAULINO PÉREZ

Gaita construída en madeira de pao santo da India que adquiría en taboleiro e despezaba cortando a tacos cun serrón de man. Este é o terceiro e derradeiro modelo na liña de traballo sobre o que plasmou a súa creatividade con incrustacións de marfil, hasta e nácara; as fundas de veludo de seda adoitaban a levar bordado, á man, o escudo da provincia con fío de ouro. Nunha viaxe dos Franco a Lugo, a Deputación pediulle prestada unha gaita a un coñecido personaxe de Lugo para ter exposta na visita e ocorreu que Carmen Polo se interesou por ela ata o punto de que as autoridades a agasallaron co dito instrumento. Esta gaita, de mellor valía, é a que recibiu a cambio o propietario, condonando Paulino os xornais que lle correspondían. Anos máis tarde, foi adquirida polo seu fillo Jesús Pérez.






PAULINO PÉREZ

Paulino Pérez con Avelino Pousa Antelo no xardín da Deputación, en fronte ao Taller-Escola de instrumentos. Compartiran inquedanzas e tempo cos rapaces da escola de Barreiros da que era director e Paulino ensinaba gaita e percusión compaxinando a actividade na súa casa natal. O fin do cuarteto era acompañar o grupo de baile que estaba formando M.^a Teresa López Carrozas. Neste ambiente propicio acabou agromando unha pequena agrupación de vinte membros que se mantivo ata preto do ano 1969.






PAULINO PÉREZ

Paulino Pérez experimentaba con varios tipos de cordas, resinas e outros materiais que adquiría na tenda de música Giráldez, de Madrid, á que acudía co músico e estudoso lucense Fernando López Acuña para facer probas de afinación. Aínda que o modelo de zanfona que máis lle gustaba era o de caixa grande, construíu algunha como esta con caixa harmónica máis pequena á que lle incorporou un pequeno resorte no teclado elaborado con hasta para facilitar a recuperación da posición de ataque das teclas. Trátase dunha innovación da súa invención.






PAULINO PÉREZ

O procedemento para moldear as chapas destinadas aos laterais da zanfona realízase humedecendo, previamente, a madeira para dotala de flexibilidade. Este dispositivo, que se ve en primeiro plano, poida que o construíra Paulino despois de ver as ferramentas de taller na súa estadía en Madrid cos luthiers Fernando Solar e Andrés Martín de Diego, como el dicía: “todo o que vexo o podo facer...” É un recipiente que se enche con brasas para quentalo e así dar forma estirando as fibras exteriores e contraendo as interiores polo efecto da calor, este proceso configura, por outra parte, o estilo de cada mestre artesán.






PAULINO PÉREZ

A primeira zanfona que construíu Paulino Pérez é un modelo moi similar ao que "Antón de Marcos" proporcionara nos inicios do obradoiro para a súa recuperación. Modificou o sistema de peche e embisagrado da tapa do teclado e non incorporou os forros de cortiza nas teclas. Mantivo o furado sonoro no lóbulo maior, como as antigas, e para a tapa harmónica utilizou madeira de abeto, quizais por iso incorpora un protector de hasta no bordo para soportar ben a tensión e o rozamento dos bordóns que parten desde uns pés no fondo da caixa. Destaca a ponte construída en madeira de pradairo cunha gran base.






PAULINO PÉREZ

A curiosidade por mellorar, unida ao afán por perfeccionarse, proporcionoulle un considerable prestixio, así o acreditan a gran cantidade de instrumentos construídos non só para Galicia, senón para o resto do Estado e outros países. Participou en numerosos certames e exposicións, desde xuño de 1958, acadando varios primeiros premios e recoñecementos como o da Academia de Belas Artes da Coruña, no 1959, ou o premio Mateo Silvela, no ano 1970. Tivo o recoñecemento da súa veciñanza e colegas e ampla repercusión na radio, televisión e prensa con periodistas como José Túñas Bouzón, Rafael Vilaseca Otero ou Francisco Rivera Manso que vemos aquí.






PAULINO PÉREZ

A produción artesanal de Paulino concrétase, ademais de gaitas e zanfonas, nun tipo de frauta de pico que el chama freixolé. Descoñécese a súa procedencia ou se é unha recreación súa. O seu contemporáneo Basilio Carril constrúe o único instrumento que se lle parece. Está afinado en Mib e servía para as primeiras prácticas dos futuros gaiteiros. Constrúe, principalmente, en madeiras de buxo e pao santo a sección sonora e en hasta a boquilla e corpo do bisel. A súa técnica tradicional nos acabados consistía en pulir a madeira cun pano humedecido e untado con pedra pómez. Para a protección da madeira aplicaban a goma laca con muñequilla mentres xiraban no torno.






PAULINO PÉREZ

Instantánea do ano 1963 na que Paulino interpreta coa zanfona en DO. Moi probablemente, na súa estadía en Madrid, aprendendo as técnicas na construción dos instrumentos de corda cos mestres lutieres, durante un mes, Faustino Santalices lle ensinara a tocar algo a zanfona. As zanfona antigas estaban afinadas pero non respondían a unha tonalidade concreta ata que o rexurdimento da música popular galega fixera necesario concretar e precisar as afinacións de instrumentos tradicionais. O maior volume de pedidos concéntrase a partir do ano 1960, incrementando as solicitudes para adquirir zanfona desde diferentes lugares como A Arxentina, México ou Nova York e gaitas con destino ás bandas militares e gaiteiros de sona como Ricardo Portela.





PAULINO PÉREZ

Falece no ano 1975 e deixa interrompida a construción desta zanfona que remata o que fora o seu primeiro alumno, o fillo, Jesús Pérez. Construída en madeira de nogueira, presenta a ensamblaxe do manubrio por medio dun pequeno parafuso directamente ao eixe, sistema precursor do que acadaría, pouco máis tarde, coa incorporación dun sistema de roda desmontable que permite a súa extracción con toda facilidade sen necesidade de abrir a caixa harmónica. O poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, compúxolle a Paulino unha sentida elexía.





As ferramentas

de Paulino Pérez







Sistema artesanal, tipo regrueso, para rebaixar
con determinado calibre unha madeira



Sistema artesanal de apertes para os encolados



Cepillo con dúas posicións para a coitela de corte



Garlopa de madeira



Soporte para traballar nunha peza pequena



Rolo para abrillantar as pezas torneadas



Gramil





Selo persoal para marcar os instrumentos



Ferro que se enche de brasas para quentalo e así dobregar a madeira na construción de zanfonas



Patróns para trazar o carabilleiro
na construción de zanfonas



Materiais para incrustacións



Serrón de cotillas



Compás de redondos



Serra circular para acoplar ao torno



Serra circular adaptada ao prato do torno
e facer as incisións para as incrustacións



Falsa escuadra



Soporte para trazar en liña os furados sonoros no punteiro



Compás



Broca manual para perforar a primeira peza do roncón
Ferramenta para escavado interior da copa do roncón



Bedano para torneare a madeira
Gubia, adaptada dunha lima, para torneare a madeira



Escarvador para freixolé



Útil para alisar o interior da copa do roncón



Broca manual para perforar as buxas e conexións nas pezas do roncón

Ferramenta para riscar a parte interna nos aneis
de hasta ou marfil para un bo encolado



Gubia para rebaixar a madeira no torno



Descoñécese



Trencha



Coitelo para axustar a afinación nos punteiros



Ferramenta manual para o roscado dos aneis de hasta ou marfil



Xogo de brocas forxadas por un ferreiro para a perforación dos furados sonoros no punteiro



Soporte para traballar na palleta



Ferramenta para riscar a madeira na conexão
cos aneis de reforzo nas gaitas

Coitelo para rebaixar a cana das palletas

Elexía a Paulino Pérez Sánchez (26-3-75)

Paulino de Barbadelo,
ilustre artesán sarriano,
home baril e humildoso,
labrego con mans de fado
¡Que cediño te marchaches
a facer gaitas prós anxos!
Seitureiro de sorrisos,
¿onde deixáche-lo engado
da túa maña milagreira
trocada en ritmo aquelado?
Antonte, cando te fuches,
mudeceron os paxaros
e as bolboretas saudosas
afogaron no seu pranto,
o vento do Iribio entoaba
ó longo da serra un salmo
e soaba triste nos aires
un ¡ai! de roncóns lonxanos.
Ti éra-lo celme do val
e o val iba latexando
no fol das túas gaitas rexas
coma un esgrevio milano:

ti éra-lo gozo da Veiga
e iba a Veiga salaiaando
nos teus punteiros bariles
luidos en silencio maino.
Mais hoxe non soan, Paulino,
os ecos dos teus engados
e xaz soitaria a planura
e os ríos pasan calados,
e chirlan sobre os cruceiros
unha lembranza os paxaros,
e tódalas gaitas tocan
e vólvense as muiñeiras laios.
¡Irmán menor de Frai Luís,
de Gregorio e doutros tantos,
que cediño te marchaches
a facer gaitas prós anxos!

F. Vergara Vilariño



Agradecementos

Alberto Redondo Antolín, Dolores Pereira Oliveira, Fernando López Arias e Xermán Arias López

Textos

Javier Pérez Castro e Luciano Pérez Díaz

Edita

Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo

Coordinación editorial

Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Xosé Brais García Fernández e Montserrat González Álvarez

Fotografías

As fotos correspondentes aos meses de xaneiro, maio e outubro pertencen aos fondos do Arquivo histórico Provincial de Lugo, fondo Vega.

As fotos correspondentes aos meses de febreiro, abril e novembro foron realizadas polo fotógrafo Germán Limeres.

E as dos meses de setembro e portada foron realizadas por Lorenzo Sánchez

Fondos da Colección de instrumentos musicais, obxectos sonoros e arquivo documental do CENTRAD, Deputación de Lugo.

Travesía R/ Chantada S/N 27004 Lugo

Tlf: 982 210 066

Horario de visitas: luns a venres de 9.00 a 14.00 horas con posibilidade de horarios especiais
http://cultura.deputacionlugo.gal/gl/centrad/coleccion_instrumentos

Depósito Legal: LU 141-2020

